

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación co proxecto de orzamento da **Fundación Escola Universitaria de Enfermería** para o exercicio 2024, emítese o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Lei 7 /85, de 2 de abril (LRBRL)
2. Artigos 162 a 171 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL)
3. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LOEPeSF
4. Artigos 2 a 23 do R.D. 500/90, de 20 de abril (RP).
5. Orde de 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais
6. Art. 3.2 da Lei 53/84, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das AA.PP (LIAP)
- 7º. Artigo 33 Do R.D.L. 670/87, de 30 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado (TRLCPE)
8. Resposta da Subdirectora Xeral de Ordenación Normativa á consulta formulada pola UNED sobre incompatibilidade entre a actividade de profesor titor e a percepción da pensión de xubilación

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

O proxecto de orzamento preséntase con toda a documentación que esixe a normativa aplicable anteriormente referenciada.

O proxecto de orzamento preséntase nivelado en gastos e ingresos por importe de 630.617€, cumprindo así a esixencia legal de non conter déficit inicial. Tamén é preciso destacar que os recursos correntes que se esperan liquidar en 2024 son suficientes para financiar os gastos correntes. Así mesmo, cumpre o obxectivo da estabilidade orzamentaria previsto na LOEOeSF.

As dotacións para facer fronte a compromisos adquiridos estímense suficientes, mentres que as previstas para outras atencións o serán ou non en función da xestión e prestacións que se asuman, variacións legais, etc., o que poderá orixinar, en determinados casos, modificacións orzamentarias.

Os gastos de persoal incrementanse no 2,5 por cento (0,5% paga compensatoria en 2023 mais o 2% para 2024), que é o crecemento previsto e outras pequenas variacións que se detallan na relación de postos (antigüidade, cotización S.S.,...).

No estado de ingresos as previsións estímense con suficiente realismo.



CONCLUSIÓN

Infórmase favorablemente o proxecto de orzamentos da fundación para o exercicio de 2024.

O Interventor,
Documento datado e asinado dixitalmente ao marxe.

